



Concello de Sarria

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE DEPORTES DO CONCELLO DE SARRIA PARA A ORGANIZACIÓN DA VII CARREIRA DA MULLER DE SARRIA: “VIVAS E IGUAIS 2024”

REGULAMENTO:

VII CARREIRA DE SARRIA VIVAS E IGUAIS (5K E ANDAINA) 2024

ORGANIZA: Concello de Sarria.

COLABORA : Asociación Miño ULLA-GDR05.

1 – DATA E LUGAR:

Sábado **9 de marzo de 2024**, ás 18:00 da tarde saída para corredores da **5K**, e ás 18:05 para a **Andaina**.

2 – PERCORRIDOS :

A proba absoluta disputarase sobre un circuíto de asfalto e sendeiros de area , mesturando zona urbana con natureza cunha volta de 5Km con apenas desnivel. A saída terá lugar no bulevar da rúa da Liberdade, á altura de Catro Camiños con dirección Samos para despois xirar á dereita pola rúa Castelao e no cuartel da Garda Civil seguir dirección Ponte das Aceas para volver pola zona do campo de fútbol ata a carreteira de Monforte e alí de novo á rúa Castelao , pavillón baloncesto, piscina e cruzando zona hotel Alfonso IX. A meta estará no Malecón do río debidamente sinalizada.

3– CATEGORÍAS:

5K (18:00):

- **Premios 1º, 2º E 3º de cada Categoría: Masculino e feminino**
JUNIOR de 12 a 15 anos.
PROMESA de 16 a 19 anos.
SÉNIOR de 20 a 34 anos.
MASTER 1 de 35 a 44 anos.
MASTER 2 45 a 54 anos.
MASTER 3 de 55 a 64 anos.
MASTER 4 de 65 anos en diante.
- **ABSOLUTO MASCULINO E ABSOLUTO FEMININO.**

ANDAINA (18:10)





Concello de Sarria

4 – INSCRICIÓN:

Abrirase un período de inscrición que rematará o xoves día 7 de marzo.

A inscrición realizarase en www.championchipnorte ou www.sarriacorre.com .

A cota de inscrición para as carreiras absolutas, tanto 5K coma andaina é de balde.

A inscrición da dereito a participar na proba, seguro de responsabilidade civil e de accidentes, así como facer uso de todos os servizos establecidos pola Organización para os participantes.

Haberá camiseta técnica coa imaxe do evento para os 500 primeiros inscritos. A carreira será cronometrada por Chip, o cal se deberá levar obrigatoriamente colocado na zapatilla. Os propietarios de Chip ChampionChip, deben participar obrigatoriamente con el. O alugueiro do Chip, para non propietarios, e que deberá devolverse ao finalizar a proba, é de balde.

5 - ENTREGA DE DORSAIS:

O 9 de marzo ,no Malecón do río Sarria, de 16:00 a 17:30h.

6 – CRONOMETRAXE:

A Cronometraxe será electrónico e realizado por CCNORTE soamente na carreira 5K. Todas as probas poderanse seguir en vivo na web oficial e na web www.resultados.live

7 - SERVIZOS AO ATLETA:

A organización disporá dunha carpa na zona de entrega de dorsais e camiseta conmemorativa para os 500 primeiros inscritos, así como avituallamento líquido ó rematar as probas.

8 - NORMAS DE COMPETICIÓN:

Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. Non cumprir esta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do corredor/a, sen poder facer ningunha modificación neste.

Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións.

A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes.

A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.





Concello de Sarria

9 - ASISTENCIA E PROTECCIÓN :

A proba contará con membros de Protección Civil e ambulancia .

10 – SEGUROS:

A organización dispoñerá dos seguros pertinentes segundo a normativa vixente para as probas populares deste tipo. A organización non é responsable dos danos morais, materiais ou económicos derivados da participación nesta proba.

11 – OUTROS:

Todas as dúbidas, problemas e queixas que se susciten na interpretación destas bases resolveranse directamente polo Concelleiro Delegado.

(Documento asinado electronicamente ao marxe)

